

En cumprimento do disposto no artigo 63 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSSP), emítase a presente:

## MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO

### Contrato de Servizos

#### “SERVIZO DE ASISTENCIA CONTABLE, LABORAL E FISCAL”

1.- *Obxecto do contrato (art. 99 LCSP) e idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas (artigo 28.1 LCSP):*

O obxecto do contrato é a contratación dun servizo para asistencia contable, laboral e fiscal para Ínsula Sanxenxo, S.L., do cal carece na actualidade e ante a previsión dun aumento considerable na actividade da empresa.

2.- *Valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran (art. 101 e 116.4 d) LCSP):*

Determinase no Prego Unificado de Cláusulas Administrativas e no informe emitido polo Sr. Interventor Xeral, como presuposto máximo do gasto por anualidade, isto é, como límite máximo do gasto que compromete o órgano de contratación por cada anualidade do contrato, un importe de DOUS MIL CATROCENTOS EUROS (2.400 €), mais CINCOCENTOS CATRO EUROS (504 €) en concepto do 21 % de IVE, polo que o valor estimado do contrato pola duración total do mesmo, engadidas as tres prórrogas previstas, ascende á cantidade de ONCE MIL SEISCENTOS DEZASEIS EUROS (11.616 €)

3.- *Unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato (art. 62.1 LCSP)*

Especificase no punto 4.

4.- *Responsable do Contrato (art. 62 LCSP):*

O Presidente da entidade, Telmo Martín González

5.- *Xustificación, no seu caso, de non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos (art. 99.3 e 116.4 g) LCSP)*



Non se contempla a división en lotes toda vez que considérase mais funcional e operativo o desenvolvemento dos traballos obxecto do contrato de xeito unificado por unha única empresa.

6.- *Informe da insuficiencia de medios no caso de contratos de servizos (art. 116.4 f) LCSP)*


Ínsula Sanxenxo na actualidade non dispón de persoal laboral contratado, motivo polo cal resulta imposible asumir o obxecto do presente contrato con medios propios.

7.- *Elección do procedemento de contratación (art. 116.4 a) LCSP)*

O procedemento de contratación a tramitar será o procedemento aberto simplificado, regulado no artigo 159.1 a) da LCSP, toda vez que o valor estimado do contrato é inferior a 100.000 euros.

8.- *Razóns polas que se considera necesario empregar medios distintos aos electrónicos para a presentación de ofertas (disposición adicional 15.3 LCSP).*

Ínsula Sanxenxo emprega a infraestrutura, tanto material como persoal, existente no Concello de Sanxenxo para o desenvolvemento da súa actividade. O Concello de Sanxenxo actualmente atópase na fase de implantación da súa sede electrónica, non estando en situación de poder garantir a correcta prestación deste servizo para a tramitación electrónica do expediente, motivo polo cal faise conveniente optar pola presentación en papel por cuestións de seguridade xurídica, recolléndose en tal sentido no prego unificado.

The stamp is circular with a blue border. Inside, the logo 'ínsula SANXENXO' is at the top. Below it, the text 'EMPRESA MUNICIPAL DE VIVENDA E SOLO, S.L.' and 'CIF: B-36.537090' is printed. A handwritten signature in blue ink, 'Fco. Javier Otero', is written across the stamp, with the word 'Secretaría' printed below it.

Ínsula Sanxenxo, a 9 de outubro de 2018

EMPRESA MUNICIPAL DE  
VIVENDA E SOLO, S.L.  
CIF: B-36.537090

Fco. Javier Otero  
Secretaría

Fco. Javier Otero Valladares  
Secretario do Consello de Administración